

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á UNIDADE DOCENTE DE ENFERMERÍA OBSTÉTRICO –XINECOLÓXICA (MATRONA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), de conformidade co establecido pola Orde SAS/1349/2009, do 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), e a coordinación do funcionamento da Unidade Docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica da Comunidade Autónoma.

A finalidade do presente convenio é a concesión directa dunha axuda a favor da Universidade de Santiago de Compostela aos efectos do financiamento do programa teórico formativo e de coordinación da unidade docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica da CCAA, todo iso sen prexuízo da adaptación da titularidade da citada unidade docente que será obxecto no seu caso do correspondente convenio de colaboración entre as partes asinantes, e das obrigas xurídicas que se deriven de dita adaptación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

Que a unidade docente adaptouse ao disposto no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde, no Real decreto 1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Que unha vez detectadas as necesidades sanitarias da Comunidade Autónoma, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron con data 1 de xullo de 1994 un convenio de cooperación para a constitución dunha unidade docente acreditada para a formación de especialistas en Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (Matronas), coa conseguinte habilitación para o exercicio profesional. A través deste convenio o Servizo Galego de Saúde comprometéase a garantir a dispoñibilidade dos servizos das Institucións Sanitarias de Atención Especializada e Atención Primaria relacionadas no seu anexo para a formación práctica da especialidade, e a Universidade de Santiago comprometéase a garantir a formación teórica da especialidade e asumía a coordinación da Unidade Docente, ubicada na Facultade de Enfermaría, en atención ao interese compartido no desenvolvemento daquela formación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela

